

BASES LEGAIS CONCURSO “TEST VERBENEIRO”

Regalaremos 2 camisetas de **R** deseñadas por Nikis Galicia nun concurso que terá lugar no blog de **R**, nun test de personalidade verbeneira. O concurso será válido dende as 13:00 horas do xoves 26 de setembro de 2024 e finalizará o luns, 4 de novembro de 2024, a las 10:00 horas.

Como participar?

Os usuarios que queiran participar deberán:

1.- **Completar o cuestionario sobre** “Test de personalidade verbeneira” aloxado no blog.mundo-r.com achegando os datos persoais que nel se solicitan (Nome, apelidos, email, teléfono de contacto).

2.- Non poderán participar na presente promoción os empregados de **R**, nin das súas filiais nin de empresas participadas por estas, nin colaboradores beneficiados dunha promoción especial ou que colaboren nesta promoción, nin familiares dos anteriores dentro do primeiro grao de parentesco.

Bases legais

R Cable y Telecable Telecomunicaciones, S.A.U. (en diante **R**), domiciliada na rúa Real, 85, CP 15003, A Coruña e con número de identificación fiscal A-15474281, 2 camisetas de **R** nun concurso que terá lugar no blog de **R**. O concurso será válido dende as 13:00 horas do xoves 26 de setembro de 2024 e finalizará o luns, 4 de novembro de 2024, a las 10:00 horas.

1) Só poderán participar no concurso aquelas persoas maiores de 18 anos residentes en Galicia ou León que cubran o cuestionario e indiquen os seus datos.

2) Os gañadores será os participantes que dean a resposta máis orixinal na pregunta “Cal é a túa festa favorita e por que?” a xuízo do xurado de **R**.

3) **R** tratará los datos facilitados na inscrición ao concurso coa finalidade de xestionar a participación no mesmo, así como para remitir comunicacións comerciais dos nosos produtos e servizos tanto por medios electrónicos (SMS ou e-mail) como non electrónicos (chamadas), salvo que nos indique o contrario. Ademais, no caso de resultar agraciados, os datos identificativos dos gañadores serán publicados nas Redes Sociais propias da Sociedade.

Podes exercitar os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición enviando un correo electrónico a docu@mundo-r.net

Podes obter información completa sobre o tratamento dos teus datos persoais en relación co presente concurso a través da Política de Privacidade da nosa web: <https://mundo-r.com/politica-privacidade>

4) **R** reserva o dereito de cambiar o premio por outro de características semellantes e igual valor sen previo aviso ao gañador.

5) Non poderán participar no concurso nin, polo tanto, resultar agraciados:

5.1 Os empregados de **R**.

5.2 Os empregados das empresas, axencias de publicidade ou axencias de promocións que colaboren con **R**.

5.3 Os familiares directos (pais, irmáns, fillos) das persoas incluídas nos puntos 5.1 e 5.2.

5.4 Os cónxuxes de todas as persoas incluídas nos puntos 5.1, 5.2 e 5.3.

6) O premio non se poderá trocar en metálico, nin por ningún outro premio.

7) A participación nesta promoción supón a aceptación íntegra das presentes bases, polo que a manifestación no sentido de non aceptalas implicará a exclusión do participante e, xa que logo, **R** ficará liberada do cumprimento da obriga contraída co devandito participante.

8) A empresa organizadora, caso de diverxencia entre os participantes da promoción, reserva para si o dereito de interpretación das bases.

9) **R** reserva o dereito de realizar calquera cambio e de suspender este concurso sen causa xustificada.

10) **R** porase en contacto cos/as gañadores/as vía mensaxe na publicación do concurso para solicitar os datos persoais, así como copia da súa documentación identificativa, coa finalidade de formalizar o contrato de prestación do servizo e concertar o envío. Se o gañador non puidese ser localizado nun prazo máximo de 72h, non aceptase o premio ou incumprise algunhas das normas presentes nestas bases, **R** reserva para si o dereito a decidir se o premio fica deserto ou a elixir un novo gañador mediante o mesmo proceso empregado para o concurso inicial.

11) Caso de non ser correcta ningunha participación no concurso por non cumprir coas condicións indicadas, **R** reserva o dereito a decidir que o premio fiquese deserto. **R** non se fai responsable de problemas no envío dos paquetes, ao relegar esta responsabilidade na empresa de mensaxería. Unha vez realizado o envío do premio, **R** non será responsable de ningún xeito pola posible perda ou deterioración do mesmo por parte do servizo de mensaxería nin do mal funcionamento deste, e o agraciado deberá facer valer a garantía comercial perante o fabricante do dispositivo. Para ese efecto, o gañador deberá facilitar a **R**, no prazo máximo de 72h dende que sexa requirido para iso todos os datos persoais e fiscais que se lle soliciten, así como unha fotocopia do seu DNI, co fin de que **R** poida levar a cabo o ingreso desta retención, caso contrario entenderase que renuncia ao premio. Ademais, o DNI servirá para facilitar a identificación do gañador e comprobar datos como a idade e o lugar de residencia.

RÉXIME FISCAL

O premio entregado está suxeito ao Imposto sobre a renda das Persoas Físicas, ou, no seu caso, ao Imposto sobre Sociedades ou ao Imposto sobre a Renda de Non Residentes, e ao cumprimento das obrigas que establezan as normativas dos devanditos impostos, polo que se fará no nome do agraciado a retención ou o ingreso correspondente.

Por iso e como condición para poder entregar o premio, o gañador deberá asinar unha carta de aceptación do premio, na que autorice a **R** a efectuar no seu nome a correspondente retención ou ingreso a conta á que obrigan as disposicións legais vixentes.

Para ese efecto, o gañador deberá facilitar a **R**, no prazo máximo de 72h dende que sexa requirido para iso todos os datos persoais e fiscais que se lle soliciten, así como unha fotocopia do seu DNI, co fin de que **R** poida levar a cabo o ingreso desta retención, caso contrario entenderase que renuncia ao premio. Ademais, o DNI servirá para a correcta identificación de todos os participantes.